

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE XANEIRO DE 2019**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2019.	17
6	PRECIPITACIÓN	19
6.1.	Precipitación acumulada mensual xaneiro 2019	19
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	20
6.3.	Días de chuvia en xaneiro de 2019	21
6.4.	Evolución da precipitación en xaneiro de 2019.	23
7	VENTO	24
8	RADIACIÓN SOLAR	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	29
9	RAIOS	30

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 25/02/2019



Mes moi frío con chuvias normais ou lixeiramente por debaixo da media.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xaneiro estivo caracterizado en xeral por situacións anticiclónicas frías, aínda que con dous episodios de chuvía intensa nas xornadas do 19 e 30-31, que explican case toda a precipitación que adoita caer nun mes de normal.

Así, os primeiros días do mes foron unha continuidade da situación anticiclónica dos últimos días do ano 2018. As altas presións estiveron estacionarias ao norte da península Ibérica. Esta situación mantívose con escasas variacións durante os primeiros 15 días do mes. Aínda que a masa de aire non era excesivamente fría, a longa duración das noites despexadas e o vento en calma ocasionaron importantes caídas de temperatura, especialmente nas zonas de val onde se acumula o aire frío. Isto fixo que as xeadas fosen moi xeneralizadas no interior neste período, sendo as xornadas máis frías as do 5, 6 e 7, cun reponte do frío os días 11 e 12.

As máximas neste período foron moi suaves no litoral, onde en moitos lugares superáronse os 15°C. Sen embargo, no interior as máximas foron tamén baixas, xa que partiamos de xeadas fortes e en moitos casos con néboas que impedían durante boa parte da xornada o paso do sol.

O día 16 unha primeira fronte tocou Galicia, deixando chuvias. Aínda que chegou moi desgastada e esas precipitacións foron febles e non se produciron en moitos puntos das provincias de Lugo e Ourense.

Esta mesma situación volveu a repetirse o día 17. Xa na xornada do 18 a fronte foi máis activa e as chuvias foron xeneralizadas por primeiro día no mes. Esta situación repetiuse o 19. Nesta xornada a conxunción dunha fronte activa e un río atmosférico fixeron que as cantidades de chuvía fosen moi salientables en puntos do oeste, onde houbo que activar un aviso amarelo por chuvía.

Durante o período entre o 20 e o 23 quedamos en situacións intermedias entre altas e baixas presións con ventos de compoñente norte, polo que foron xornadas con algún chuvascos irregulares, sempre algo máis frecuentes na metade norte.



Os días 24, 25 e 26 volveu a predominar o anticiclón, de xeito que o tempo volveu a ser seco. Xa o 27 volveu a inestabilidade e os chuvascos, que se prolongaron na xornada do 28.

O 29 unha cicloxénese explosiva, que foi nomeada “*Gabriel*” por MeteoFrance, deixou un episodio de temporal de vento, con refachos superando aos 100 km/h en moitos puntos do litoral e zonas altas do interior.

A xornada do 30 quedou caracterizada por chuvias persistentes e xeneralizadas, agardando a chegada doutra borrasca activa, Helena, que ocasionou un novo día de temporal, con ventos intensos, chuvascos fortes localmente acompañados de sarabia e aparato eléctrico, neve por debaixo dos 1000 metros e ondas que no litoral atlántico superaron os 8 metros de altura.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) e tamén no mapa de 500 hPa (Figura 2) apréciase unha forte anomalía positiva, que se sitúa ao noroeste da Península, impedindo o paso das borrascas do Norte máis habituais nesta época do ano. Isto explica a elevada cantidade de días despexados, que fixeron que houbera temperaturas moi baixas en moitas localidades galegas, que ademais presentaron ventos en calma. No centro de Europa, pódese apreciar unha forte anomalía negativa. Ambas configuracións sinópticas deixaron sobre a Comunidade, ventos de compoñente norte, que tamén foron responsables das baixas temperaturas.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Xaneiro-2019.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Xaneiro-2019.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	XANEIRO 2019 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.5/10.2	10.8	12.4 (2016)	8.5 (1976)
Tª mínima media	7.9/7.6	8.2	10.2 (1966)	4.9 (1953)
Tª mínima absoluta	3.4/3.3 (día 6/4)	-0.8 (01/01/1971)		
Tª mínima máis alta	11.8/11.4 (día 23/24)	15.6 (10/01/1998)		
Tª máxima media	13.1/12.8	13.4	14.9 (2016)	11.3 (1985)
Tª máxima absoluta	15.2/14.4 (día 4)	21.2 (26/01/1983)		
Tª máxima máis baixa	11.6/11.2 (día 12)	4.6 (10/01/2010)		
Precipitación acumulada	91	79-132	342 (1948)	3 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	14	14	27 (2014)	1 (1964)

Comentario: Mes frío tendo en conta todas as temperaturas. Nótase unha clara diferenza entre a costa na que as temperaturas resultaron normais, e o centro da cidade, onde o mes resultou frío. A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, que tamén acadou o valor climático normal.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2019 Temperatura: 1948-2019

SANTIAGO

	XANEIRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.5	8.8	10.7 (1982)	6.9 (1985)
Tª mínima media	4.6	5.2	7.4 (1982)	2.0 (1992)
Tª mínima absoluta	-0.3 (día 5)	-4.3 (09/01/1985)		
Tª mínima máis alta	9.6 (día 24)	13.7 (22/01/2016)		
Tª máxima media	12.4	12.4	14.0 (1982)	10.6 (1985)
Tª máxima absoluta	16.0 (día 1)	21.2 (12/01/1997)		
Tª máxima máis baixa	7.9 (día 18)	3.1 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	150	186-251	523 (2001)	44 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	14	15	28 (2014)	3 (1983)

Comentario: Mes normal en xeral tendo en conta todas as temperaturas. A precipitación rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, considerándose o mes seco. O número de días de chuvia está moi preto do valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2019. Temperatura: 1982-2019



LUGO

	XANEIRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	5.7	6.3	8.4 (1988)	3.9 (1985)
Tª mínima media	0.8	2.4	5.6 (1988)	-0.9 (1992)
Tª mínima absoluta	-5.5 (día 6)	-8.0 (10/01/1985)		
Tª mínima máis alta	8.9 (día 24)	12.6 (03/01/2018)		
Tª máxima media	10.5	10.2	12.7 (1993)	6.7 (1985)
Tª máxima absoluta	13.4 (día 1)	20.2 (24/01/2016)		
Tª máxima máis baixa	3.7 (día 3)	6.4 (06/01/2018)		
Precipitación acumulada	81	62-124	247 (2001)	23 (1983)
Días de chuvia (≥1mm)	14	13	27 (2001)	3 (2000)

Comentario: Mes frío en temperatura media, debido a que as mínimas foron moi baixas (moi frío) e as máximas mantivéronse en valores normais, se ben acadouse o rexistro histórico de temperatura mínima máis baixa.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, sendo o número de días de chuvia lixeiramente superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1981-2019. Temperatura: 1981-2019

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XANEIRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	9.0	9.5	12.1 (1966)	7.2 (1976)
Tª mínima media	4.0	5.0	8.8 (1966)	1.2 (1976)
Tª mínima absoluta	-1.0 (día 6)	-4.5 (14/01/1987)		
Tª mínima máis alta	10.3 (día 24)	15.6 (01/01/2003)		
Tª máxima media	14.0	14.0	15.6 (1958)	11.6 (1972)
Tª máxima absoluta	17.3 (día 9)	23.5 (25/01/1959)		
Tª máxima máis baixa	8.6 (día 18)	3.0 (14/01/1987)		
Precipitación acumulada	166	172-204	536 (1970)	24 (1964)
Días de chuvia (≥1mm)	10	14	28 (2014)	3 (1992)

Comentario: Mes frío tendo en conta as mínimas e as medias, mentres que para as máximas resultou normal.

A precipitación rexistrada é inferior ao rango de valores normais, considerándose o mes seco, onde o número de días de chuvia foi significativamente inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2019. Temperatura: 1958-2019

**OURENSE**

	XANEIRO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	6.4	8.1	11.1 (1982)	4.4 (1976)
Tª mínima media	0.9	3.4	7.3 (1982)	-1.9 (1976)
Tª mínima absoluta	-5.8 (día 6)	-7.0 (10/01/1985)		
Tª mínima máis alta	10.2 (día 24)	15.0 (03/01/2018)		
Tª máxima media	11.9	12.7	14.8 (1982)	9.9 (1972)
Tª máxima absoluta	16.0 (día 25)	22.0 (27/01/2003)		
Tª máxima máis baixa	6.8 (día 18)	1.0 (07/01/1973)		
Precipitación acumulada	73	69-98	221 (2016)	2 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	7	11	23 (2014)	0 (1981)

Comentario: Mes moi frío para as mínimas e as medias, mentres que para as máximas o mes resultou frío.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais, se ben o número de días de chuvia foi moi inferior ao valor climático agardado.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2019. Temperatura: 1972-2019*



5 TEMPERATURA

A distribución das temperaturas foi moi variable. Para as máximas, o leste da Comunidade rexistrou nalgúns casos os valores máis baixos históricos. E para as mínimas, faise evidente, a forte inversión térmica, que se deu principalmente na primeira quincena do mes, sendo un o período anticiclónico que deixou moitas xeadas.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xaneiro de 2019.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xaneiro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 10.7 °C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente zonas montañosas das provincias de Lugo e Ourense, con valores entono aos 5 °C, tal e como se observa no mapa, tamén destacan a gran diferenca nas máximas entre o leste e o oeste da



Comunidade, onde, por exemplo, na estación da cidade de Lugo, se acadou o mínimo histórico de esta variable.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xaneiro para o territorio galego foi de 2.3 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados nas comarcas de A Limia e Verín, onde se acadaron valores de temperatura mínima mensual de ata -3 °C. Os valores máis altos déronse principalmente nas localidades máis costeiras da comarca de Ortegal, con valores de máis de 9 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xaneiro de 2019.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de xaneiro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de $+0.1^{\circ}\text{C}$, é dicir, temperaturas medias en xeral no rango dos valores medios para este mes, pero hai que destacar, as grandes diferencias que se observan no mapa, debido principalmente a que houbo moitas situacións con forte inversión térmica, que se reflicte nas anomalías positivas de máis de 2°C nas zonas de alta montaña da Comunidade e as anomalías negativas de ata -2°C , en zonas situadas en vales e as que presentaban altitudes máis baixas.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de xaneiro respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse nas zonas máis altas da Comunidade. As anomalías máis baixas déronse sen embargo, nos vales tal e principalmente na provincia de Lugo, onde as máximas foron moi baixas (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Vilariño de Conso	Ourense	2.4
Veiga (A)	Ourense	1.9
Castrelo do Val	Ourense	1.9
Mezquita (A)	Ourense	1.7
Gudiña (A)	Ourense	1.7
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	1.6
Manzaneda	Ourense	1.5
Muíños	Ourense	1.5
Lobios	Ourense	1.5
Viana do Bolo	Ourense	1.4

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de xaneiro de 2019.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Monforte de Lemos	Lugo	-2.0
Lourenzá	Lugo	-1.6
Mondoñedo	Lugo	-1.5
Negueira de Muñiz	Lugo	-1.4
Trabada	Lugo	-1.4
Pobra do Brollón (A)	Lugo	-1.3
Allariz	Ourense	-1.3
Pontenova (A)	Lugo	-1.3
Sober	Lugo	-1.3
Ourense	Ourense	-1.2

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de xaneiro de 2019.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de xaneiro de 2019 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do día 7 foi das máis cálidas para as dúas altitudes.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
07/01/2019	Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	20.1
07/01/2019	Entrimo	ENTRIMO	Ourense	19.6
25/01/2019	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	18.8
06/01/2019	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	18.5
25/01/2019	Areas	TUI	Pontevedra	18.4
06/01/2019	Pereira	FORCAREI	Pontevedra	18.3
09/01/2019	Vigo	VIGO	Pontevedra	18.2
01/01/2019	Monte Aloia	TUI	Pontevedra	18.0
26/01/2019	Areas	TUI	Pontevedra	18.0
25/01/2019	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	18.0

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2019 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
08/01/2019	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	16.5
14/01/2019	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	16.3
07/01/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	16.0
01/01/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	15.6
07/01/2019	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	15.4
07/01/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	15.2
02/01/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	14.9
26/01/2019	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	14.6
08/01/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	13.9

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2019 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xaneiro de 2019 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Os valores máis baixos rexistráronse neste caso por debaixo dos 1000 m nas primeiras xornadas do mes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
17/01/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-6.1
11/01/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-5.7
30/01/2019	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-5.5
11/01/2019	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-5.4
30/01/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-4.7
10/01/2019	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-4.4
17/01/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-3.6
11/01/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-3.4
29/01/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	-2.9
30/01/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-2.8

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2019 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
06/01/2019	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-9.8
06/01/2019	Lanzós	VILALBA	Lugo	-9.3
07/01/2019	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-9.2
05/01/2019	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-8.6
06/01/2019	Morelle	SARRIA	Lugo	-8.4
05/01/2019	Bóveda	BÓVEDA	Lugo	-8.0
06/01/2019	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	-7.4
13/01/2019	Baltar	BALTAR	Ourense	-7.4
05/01/2019	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-7.3
06/01/2019	Castro De Rei	CASTRO DE REI	Lugo	-7.1

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xaneiro de 2019 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2019.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019 para esta serie foi 7.2 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2019 para xaneiro.

A anomalía media da temperatura para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.8 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi frío. Para a serie rexional, primaron máis as baixas temperaturas rexistradas na primeira quincena do mes, xa que a serie rexional para a temperatura mínima, presentou unha anomalía de -1.4 °C (moi frío). Para as máximas sen embargo, a anomalía foi de tan só -0.2 °C, resultando normais. O xaneiro máis frío a do 2019, foi o de 2006.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.



6 PRECIPITACIÓN

As chuvias foron moi irregulares neste mes, xa que nos primeiros 15 días non se rexistraron precipitacións. Na segunda quincena foron aparecendo de forma intermitente, pero puntualmente con forte intensidade, polo que soamente as chuvias que caeron nas xornadas do 19, 30 e 31 explican a meirande parte das precipitacións normais nun mes de xaneiro.

Os valores acumulados de precipitación máis altos rexistráronse en localidades situadas na Serra do Suído con valores que se aproximaron aos 350 L/m². Os valores máis baixos correspondéronse, co val de Monterrei na comarca de Verín, e o Concello de Carballeda de Valdeorras, onde se acumularon pouco máis de 20 L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual xaneiro 2019





Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xaneiro de 2019.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xaneiro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 6 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Destacan as comarcas de A Fonsagrada e Ancares onde a precipitación estivo por riba do 200% con respecto ao valor climático.

**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xaneiro de 2019.

6.3. Días de chuva en xaneiro de 2019

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 11.5. Hai unha clara diferenza entre o norte da Comunidade, onde se rexistraron máis días de chuva (ata case 16), e o sur da mesma, onde os rexistros máis baixos déronse na comarca de Ourense con apenas 7 días de chuva.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m^2 durante o mes de xaneiro de 2019.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xaneiro. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superan os 300 L/m², en moitas localidades. Pero destacan as xornadas do 30 e o 31, nas que se recolleu un terzo da precipitación total acumulada nalgunhas localidades de Galicia.

Precipitacións acumuladas máximas en xaneiro de 2019			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Ancares	CERVANTES	Lugo	335
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	318
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	310
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	306
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	286
Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	283
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	273
Castrove	POIO	Pontevedra	253
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	244
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	242

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xaneiro de 2019.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	162	30/01/2019 14:40
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	146	30/01/2019 15:20
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	127	30/01/2019 16:10
Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	125	30/01/2019 14:40
Ancares	CERVANTES	Lugo	121	22/01/2019 10:50
Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	118	30/01/2019 16:50
Castrove	POIO	Pontevedra	118	30/01/2019 14:10
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	113	30/01/2019 17:20
Cespón	BOIRO	A Coruña	112	30/01/2019 10:10
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	106	30/01/2019 14:40

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xaneiro de 2019.

6.4. Evolución da precipitación en xaneiro de 2019

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019, para esta serie, foi 144 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2019 para xaneiro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 0.5 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como normal, tendo en conta a totalidade da Comunidade. En xaneiro de 2017 a precipitación foi un ano cun 62 % menos da precipitación normal, precedida polo segundo ano máis chuvioso da serie histórica.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xaneiro, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Foi na xornada do 29 tal e como se pode observar na Táboa 9, estando Galicia baixo a influencia da cicloxénese explosiva “Gabriel”, rexistráronse os ventos máis fortes. Nas táboas 12-14, debido ao predominio de situacións anticiclónicas, obsérvase unha elevada porcentaxe de calmas, en case todas as estacións meteorolóxicas escollidas.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xaneiro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
29/01/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	124.2
29/01/2019	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	120.3
29/01/2019	Xares	VEIGA (A)	Ourense	113.2
29/01/2019	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	109.7
29/01/2019	Burela	BURELA	Lugo	108.1
31/01/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	106.7
29/01/2019	Cariño	CARIÑO	A Coruña	105.3
29/01/2019	Ons	BUEU	Pontevedra	100.4

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de xaneiro.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	96.0	NE	21	<p>INTENSIDADES PONDEADAS S COA DIRECCIÓN Lira (19135) # 01/2019</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (19135) # 01/2019</p>
		Día 10				
Pta. Candieira	Cedeira	120.3	NE	12	<p>INTENSIDADES PONDEADAS S COA DIRECCIÓN Punta Candieira (10802) # 01/2019</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candieira (10802) # 01/2019</p>
		Día 29				
Malpica	Malpica	91.1	SE	29	<p>INTENSIDADES PONDEADAS S COA DIRECCIÓN Malpica (10805) # 01/2019</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (10805) # 01/2019</p>
		Día 29				
Marco da Curra	Monfero	80.0	E	5	<p>INTENSIDADES PONDEADAS S COA DIRECCIÓN Marco da Curra (10946) # 01/2019</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Marco da Curra (10946) # 01/2019</p>
		Día 23				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2019 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	108.1	NE	4		
		Día 29				
Ancares	Cervantes	90.1	NE	20		
		Día 29				

Táboa 11: Resumo vento no mes de xaneiro de 2019 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	87.8	O	15		
		Día 31				
Rodicio	Maceda	77.6	NE	21		
		Día 19				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	64.4	NO	52		
		Día 31				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2019 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	76.2	N	42		
		Día 31				
Ons	Bueu	100.4	NE	8		
		Día 29				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de xaneiro de 2019 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xaneiro de 2019.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia non rexistrou raios neste mes de xaneiro, motivado principalmente pola presenza anticiclónica en gran parte do período, isto xa o ano 2012 tamén presentara tan só 8 raios na Comunidade.

Na figura 15, pódese ver o número total de raios rexistrados en xaneiro en Galicia dende o ano 2010 ao 2019. Nesta gráfica pódese observar como o xaneiro de este ano é o primeiro no que non se rexistran raios dende 2010, aínda que en 2012 o rexistro dos mesmos tamén foi moi baixo.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en xaneiro dende 2010 a 2019.